

Denomínase **preconceito lingüístico** calquera xuízo de valor –subxectivo, non asentado na razón– que se formula sobre un idioma ou sobre as persoas que o falan coa finalidade de causar rexeitamento e, inclusive, hostilidade.

Os preconceitos son consecuencia directa dun conflito lingüístico, pois a marxinação continuada dunha lingua minorizada adoita provocar ideas falsas ou estereotipadas sobre a súa utilidade que poden acabar cuestionando mesmo a existencia deste idioma. Por outra parte, cómpre ter en conta que os preconceitos contan con poderosos axentes de transmisión: o entorno familiar e laboral, as amizades, os medios de comunicación etc.

Entre os efectos máis habituais dos preconceptos lingüísticos podemos destacar estes:

- Menosprezo social e discriminación da lingua ameazada.
- Baixa autoestima lingüística ou *autoodio* dos/das falantes do idioma en perigo.
- Fortalecemento da lingua A por medio da debilitación da lingua B.
- Bloqueo do proceso de normalización lingüística.

No caso de Galiza, a existencia de preconceitos a respecto do noso idioma ten contribuído –e aínda contribúe– de maneira determinante á súa progresiva substitución polo español e supón unha seria ameaza para o seu futuro.

A maior parte dos preconceptos emitidos sobre a lingua galega e os/as galegofalantes obedecen a tres tipos:

140

Actividades

1. Revisa os preconceptos presentados na unidade e indica cales consideras máis actúantes no teu entorno.
2. Que clase de preconceptos lingüísticos se reflicten nas seguintes imaxes? Xustifica a túa resposta.



—Eu quixera falar galego nos mítins, pero non sei.
—O que non sabes ti é o castelán.

Castelao, *Cousas da vida*, IV.



3. Escolle unha das teses embaixo e redixe un texto persuasivo-argumentativo para a defender.
 - Os preconceptos afectan a todos os idiomas.
 - Todas as linguas teñen o mesmo valor; son instrumentos de comunicación e forman parte do patrimonio cultural da súa comunidade.
 - O prestixio social dun idioma depende de factores extralingüísticos (oficialidade, normativización, emprego en determinados ámbitos etc.) e pode mudar ao longo do tempo.

► Para realizar esta actividade debes documentarte previamente.
4. Crea, en colaboración co teu compañeiro ou compañeira, unha infografía que responda ao título de *Guía dun/dunha neofalante de galego*.
5. En pequenos grupos, deseñade unha campaña destinada a fomentar no voso centro de ensino unha actitude positiva á lingua galega.

► **Instrucións**

 - Creade un *slogan* atraente e orixinal.
 - Identificade os preconceptos máis frecuentes entre a mocidade e o profesorado e, a seguir, buscade unha serie de medidas que, do voso punto de vista, axuden a combatelos.
 - Decidide que tipo de material ides elaborar: folletos, cartaces, presentacións audiovisuais, camisolas, auto-colantes etc.